

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Ricardo José Cao Abad, en calidade de Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con (NIF Q6550005J), nomeado segundo o segundo o Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 10, do 15 de xaneiro de 2024, actuando en nome e representación dela en virtude das facultades conferidas polo artigo 50.1 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e no artigo 36.1.f) do Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproba os Estatutos da Universidade da Coruña, publicados no *Diario Oficial de Galicia* Nº 100, do 26 de maio de 2004 que outorgan ao Reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Segundo. Que a Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer ningunha discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión ou calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

O artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integren sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todos e todas na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro. De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

Ademais, correspóndelle incorporar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta de Galicia, en cumprimento do principio de transversalidade, así como promover programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos, así mesmo tamén, correspóndelle establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións, e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Cuarto. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de



Galicia, e da Lei 7/2023, de 30 de novembro, recoñécese a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos fillos e fillas, e establece o compromiso de promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Quinto. O fomento da conciliación da vida familiar, laboral e persoal está presente na acción de goberno e nos instrumentos de planificación da Xunta de Galicia, como no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado no Consello da Xunta o 10 de marzo de 2022, concibido como un instrumento flexible para alcanzar a igualdade real e efectiva nos distintos ámbitos da vida das persoas, aposta polo apoderamento feminino tanto individual como colectivo poñendo en valor as contribucións das mulleres nos distintos ámbitos e incide na necesidade de traballar a prol dunha maior concienciación social, facendo fincapé na necesaria transformación da cultura imperante, sustentada en estereotipos e roles que manteñen e reproducen desigualdades. Inclúe no eixo 1. O Reto demográfico, na prioridade de actuación 1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada, un obxectivo estratéxico relacionado directamente, o 1.1.4. Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Sexto. O Plan Corresponsables é unha política pública iniciada en 2021, residenciada na Secretaría de Estado de Igualdad y para la Erradicación de la Violencia contra las Mujeres del Ministerio de Igualdad, que permite articular mecanismos en colaboración coas Comunidades Autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para o apoio específico das necesidades de conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos dende a óptica da igualdade entre mulleres e homes, ao amparo do artigo 44 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e desde un enfoque de garantía de dereitos universais e á marxe da condición laboral das persoas beneficiarias; así como con outros eixos de actuación relacionados coa creación de emprego, a dignificación e recoñecemento da experiencia profesional de coidados, a sensibilización en materia de corresponsabilidade nas tarefas de coidados, co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias. O artigo 14 establece que corresponde aos poderes públicos o establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes, así como o fomento da corresponsabilidade nos labores domésticos e na atención á familia.



A dita política adquire unha relevancia maior no contexto cambiante e de crise económica actual que incide negativamente na vida laboral, persoal e familiar das mulleres, en tanto que son elas quen de forma maioritaria asumen no noso país a carga de coidados familiares e domésticos.

Dado que varias das medidas recollidas no Plan Corresponsables refírense a competencias específicas sectoriais que corresponde desenvolver, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a distintos organismos, a Consellería de Política Social e Igualdade considera conveniente asinar convenios de colaboración, para fomentar o desenvolvemento das medidas a levar a cabo ampliando o alcance do Plan Corresponsables en todos os eidos da sociedade galega.

Sétimo. A Universidade da Coruña, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus da Coruña e Ferrol, que desfruta de autonomía, de acordo coa Constitución e coa Lei e a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Os Estatutos da Universidade da Coruña recollen no seu artigo 3 que para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade da Coruña poderá articular as súas actividades con outras universidades, dentro e fóra do sistema universitario galego, e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais.

No marco do Plan Corresponsables 2025, desenvolverá accións de formación, investigación, sensibilización e difusión sobre conciliación corresponsable e masculinidades coidadoras, dirixidas á comunidade educativa universitaria, a través da súa Oficina de Igualdade de Xénero

Oitavo. A Consellería de Política Social e Igualdade considera de interese o fomento das ditas actividades que impulsará coa concesión directa dunha subvención a través deste convenio que se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é fomentar o desenvolvemento de estudos e diferentes accións cunha perspectiva de xénero no ámbito da conciliación e a corresponsabilidade pola Universidade de Coruña.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras para a concesión directa dunha subvención da Consellería de Política Social e Igualdade á Universidade da Coruña, para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, sensibilización e difusión sobre conciliación corresponsable e masculinidades coidadoras, dirixidas á comunidade educativa universitaria, a través da súa Oficina de Igualdade de Xénero.

O obxectivo é avanzar na conciliación corresponsable, incorporando aos homes e mozos no ámbito dos coidados e diminuíndo as fendas de xénero que persisten na sociedade

SEGUNDA. Finalidade

A finalidade das actuacións a subvencionar a través deste convenio consiste na execución do Plan Corresponsables a través de actuacións que permitan a sensibilización do conxunto da sociedade, particularmente dos homes, en materia de corresponsabilidade nas tarefas de coidados co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias.

TERCEIRA. Accións subvencionables a desenvolver

A Universidade da Coruña, comprométese a dar cumprimento ao obxecto e finalidade sinalados nas cláusulas anteriores entendendo como accións a desenvolver as seguintes:

- Primeira actuación: realización da II Xornada Internacional e interuniversitaria sobre masculinidades corresponsables e coidadoras, a desenvolver en colaboración coas outras Universidades públicas galegas coa finalidade de que sexa unha acción de transferencia e divulgación de interese para a sociedade galega.
- Segunda actuación: Formación para impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias.

Enfocada a o estudantado masculino, prepararase formacións curtas que teñan coma obxectivo fomentar novas masculinidades e educar na importancia da corresponsabilidade nos coidados en todos os ámbitos.

- Terceira actuación: Pílulas formativas audiovisuais sobre corresponsabilidades nos coidados e masculinidades igualitarias.



Como medida para reforzar o impulso de novos modelos de masculinidades, prepararanse unhas pímulas informativas en forma de vídeos coa finalidade de informar sobre temas de corresponsabilidade e fomentar boas prácticas entre os homes da UDC. O formato vídeo permitirá proxectar ás pímulas nas pantallas das facultades e escolas, así como subilas as RRSS da universidade.

- Cuarta actuación: Campaña de sensibilización para a comunidade universitaria sobre corresponsabilidade nos coidados.

Campaña participativa enfocada o homes da UDC para fomentar a corresponsabilidade nos coidados. A idea é a deseñar materiais coa imaxe de homes e mulleres conciliando de maneira corresponsable para que o alumnado dispoña de referentes femininos e masculinos neste ámbito. Esta campaña percorrerá as facultades e escolas.

CUARTA. Financiamento

Para sufragar os gastos derivados das actuacións a subvencionar a través do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, achegará a cantidade total de **20.000€ (vinte mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 08.07.312G.444.0 (código de proxecto 2021 00175), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, financiadas con Fondos Finalistas dos orzamentos xerais do Estado procedentes do Ministerio de Igualdad a través da liña de actuación 00524-Plan Corresponsables.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos Fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, procedentes do Ministerio de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Corresponsables. Os fondos transferidos polo Ministerio destinaranse ao cumprimento do obxecto establecido na cláusula primeira.

QUINTA. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre **1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2025**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

SEXTA. Subcontratación

Para a execución das actuacións a subvencionar a través deste convenio a Universidade da Coruña poderá subcontratar parcialmente ás actuacións subvencionadas, salvo que o impida a súa natureza.



En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

A Universidade da Coruña, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

As entidades contratistas quedarán obrigadas soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

SÉTIMA. Xustificación da subvención e pagamento

1. A xustificación dos gastos efectuarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Memoria final de actuación xustificativa do cumprimento da realización das actuacións a subvencionar a través do presente convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e que debe incluír os seguintes apartados:

1. Actividades realizadas recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
2. Xustificación do gasto asociado a cada actividade.
3. Valoración global.

Así mesmo entregárase a dita memoria en formato editable.

b) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade da axuda concedida, na que se faga constar de forma detallada:

- o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución do convenio e dos resultados acadados.
- os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- De ser preciso, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto subvencionable **supere os 15.000€** (sen IVE), a entidade beneficiaria achegará, como



mínimo, tres orzamentos de distintos provedores solicitados con carácter previo a contratación do subministro, prestación do servizo ou a entrega do ben; salvo que, polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que subministren os bens ou presten o servizo, ou que o gasto se realizase antes da sinatura do convenio, sempre que se atope dentro do período que este abrangue.

A elección da oferta elixida, de entre as achegadas, realizarase consonte criterios de economía e eficiencia. Cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa deberá xustificarse expresa e detalladamente nunha memoria independente, indicando os criterios utilizados para a toma de decisión.

c) Declaración responsable doutros ingresos ou subvencións solicitadas, que financiasen a actividade subvencionada, tanto as aprobadas ou concedidas como as que estean pendentes de resolución, con indicación do importe e a súa procedencia.

d) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben presentará a documentación que se relaciona a continuación:

1º. Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

2º. Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.

3º. Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

2. Á vista desta documentación a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula cuarta e sempre que se cumpra coa finalidade das actuacións a subvencionar a través do presente convenio, procederá a minoración do importe do convenio en proporción ao importe non xustificado. No caso que non se xustificase cando menos o 20% do importe das actuacións a subvencionar obxecto do convenio, produciríase a revogación da subvención concedida

A Consellería de Política Social e Igualdade reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.



O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **3 de decembro de 2025**.

OITAVA. Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A universidade responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

NOVENA. Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Neste caso a universidade deberá crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMA. Pagamento.

De acordo co previsto no artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o pago da subvención realizarase unha vez comprobado polo órgano concedente a xustificación final presentada pola entidade, así como, a realización das actuacións a desenvolver e o cumprimento dos obxectivos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio

DÉCIMO PRIMEIRA. Reintegro da subvención

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.



En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. Obrigacións da entidade beneficiaria da subvención.

A Universidade da Coruña, como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- Desenvolver as actuacións subvencionables recollidas na cláusula terceira deste convenio e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da súa finalidade que determinou a dita concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destas actuacións.
- Divulgar as actuacións e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian con fondos públicos ao abeiro do Plan Corresponsables de acordo co establecido neste convenio (incluíndo o logotipo da Xunta de Galicia, do Ministerio de Igualdad e da Secretaría de Estado de Igualdad y para la Erradicación de la Violencia contra las Mujeres e do Plan Corresponsables).
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións realizadas a través do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregarase a lingua castelán se esta é requirida
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que leven consigo as actuacións derivadas da execución das actividades subvencionadas.
- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade.



- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir cos requisitos do artigo 10 e as obrigas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño para poder obter a condición de beneficiaria así como co resto das obrigas recollidas na Lei 38/2003, de 17 novembro.
- Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto das actuacións a subvencionar a través do presente convenio.
- Presentarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, ao remate da vixencia do convenio, unha memoria xustificativa na que se recollerán os medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento, que indicará, as actividades realizadas e, de ser o caso, as persoas participantes en cada actuación desagregadas por sexo, ademais daqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.
- Cumprir coas obrigas previstas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno



DÉCIMO TERCEIRA. Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

DÉCIMO CUARTA. Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que, no seu caso, precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións a subvencionar que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO QUINTA. Modificación do convenio

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da citada lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.



DÉCIMO SEXTA. Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O mutuo acordo das partes asinantes formalizado por escrito.
- Desaparición das causas que motivaron a celebración
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

DÉCIMO SÉTIMA. Comisión de seguimento

1. Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Universidade da Coruña designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.
2. A persoa que ocupe a presidencia será a titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade. A súa suplencia axustarase o réxime establecido no Decreto de estrutura orgánica da Consellería.
3. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.
4. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO OITAVA. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO NOVENA. Publicidade e rexistro do convenio

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



A Consellería de Política Social e Igualdade publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

VIXÉSIMA. Información básica de protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.
3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo,



determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace https://www.xunta.gal/protección_datos.

7. Os datos persoais recadados neste convenio pola Universidade da Coruña serán tratados na súa condición de responsable. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado. Poderanse consultar no enlace rpd@udc.gal ou dirixirse ao enderezo dpd@udc.gal

VIXÉSIMA PRIMEIRA. Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións do proxecto a subvencionar

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asínase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

O REITOR MAGNÍFICO DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Fabiola García Martínez

Ricardo José Cao Abad

